

do disposto polo artigo 70.2) da Lei 7/85, R.B.R.L., faise pública a seguinte Tarifa modificada.

<i>Vehículo</i>	<i>Por retirada</i>	<i>Por depósito</i>	<i>Por inmoviliz.</i>
a) Ciclomotores	1.000 ptas.	75 ptas/día	1.000 Ptas.
b) Motocicletas	1.500 ptas.	100 ptas/día	1.500 Ptas.
c) Turismos	6.000 ptas.	500 ptas/día	3.000 Ptas.
d) Furgonetas e semellantes ata 1.000 kgs.	6.000 ptas.	600 ptas/día	3.000 Ptas.
e) Furgonetas de máis de 1.000 kgs.	7.000 ptas.	700 ptas/día	5.000 Ptas.
f) Camións de 3 a 10 Tm.	8.000 ptas.	1.000 ptas/día	6.000 Ptas.
g) Camións de máis de 10 Tm. e autobuses.	15.000 ptas.	1.500 ptas/día	8.000 Ptas.

Cambados, a 7 de xaneiro do 2000.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 211

### E D I T O

En sesión do 30.12.99, o Pleno da Corporación adoptou acordo inicial de imposición de contribucións especiais con motivo das obras de “Urbanización en Montes Outeiros (Tragove)”, aprobando ó mesmo tempo a súa Ordenanza específica, expoñéndose ó público o expediente, polo prazo de 30 días, segundo o establecido polo artigo 17 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, ós efectos do seu exame e reclamacións. De non formularse estas, quedará automaticamente elevado a definitivo o referido acordo inicial.

Cambados, a 4 de xaneiro do 2000.—O Alcalde, José M. Cores Tourís. 211

### E D I T O

En cumprimento do establecido polo artigo 70.2 da Lei 7/85, R.B.R.L., en relación co artigo 48 da Lei 1/97, do Solo de Galicia, faise público que o Pleno da Corporación, en sesión do 30.12.99, acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior en Desenvolvemento da UG1 - “O Pombal”, publicándose, ó mesmo tempo, ás súas Ordenanzas Reguladoras.

#### 2.1. XENERALIDADES E TERMINOLOXIA DOS CONCEPTOS.

Estímase todo o disposto nas NNSSMM de Cambados.

#### 2.2.—REXIME URBANISTICO DO SOLO.

##### 2.2.1.—Clasificación do solo.

A UG 1, atópase comprendida dentro do SOLO URBANO, delimitado polas NNSSMM de Cambados.

##### 2.2.2.—Estudios de Detalle.

Como desenrolo deste Plan Especial non se prevé a obrigatoriedade de redactar e tramitar estudos de detalle.

O Plan Especial confeccionase coa pormenorización suficiente para que unha vez realizado e aprobado o proxecto de urbanización correspondente, e unha vez que o Solo Urbano teña adquirida a consideración de solar, pódense conceder licencias municipais de edificación como actividade reglada.

Pese a non ser obrigatoria a realización de E.D., poderanse formular estes instrumentos con carácter voluntario de acordo coas determinacións que ó efecto establece a Lei 1/97, e regulamento de planeamento.

##### 2.2.3.—Parcelacións.

As parcelacións urbanísticas están reguladas polos artigos 172, 173 e 174 da Lei do Solo de Galicia. Neles considerase parcelación urbanística, a división de terreos en dous ou máis lotes, ou porcións co fin da súa urbanización ou edificación, xa sexa de forma simultánea ou sucesiva.

Toda parcelación urbanística estará suxeita a licenza, ou a aprobación de proxecto de compensación ou de reparcelación que a conteña.

No proxecto ou proxectos de parcelación que se desenvolvan no plan especial, non se permitirán parcelas nas que as superficies sexan inferiores á superficie mínima, establecida na ordenanza de aplicación, en cada caso.

#### 2.3.—NORMAS DE EDIFICACION.

Son de aplicación: en canto a altura máxima, a ordenanza 3 “de bloque de casas” e, nas restantes determinacións, ordenanza 2 “de transición de bloques de casas”, establecidas polas vixentes NNSSMM.

Cambados, a 7 de xaneiro do 2000.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 213

### E D I T O

Aprobada inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión do 29.10.99, a Ordenanza Municipal de Tráfico, e elevándose automaticamente a definitivo o dito acordo de aprobación inicial, en cumprimento e ós efectos do disposto polo artigo 70.2) da Lei 7/85, R.B.R.L., faise pública o seu texto íntegro, que é o seguinte:

## ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAFICO

### TITULO I.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACION

Artigo 1º.—De conformidade co previsto no artigo 25.2b) da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 7 e 38.4, e demais disposicións contidas no R.D. Lexislativo 339/90, do 2 de Marzo (modificado pola Lei 5/1997), polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial; e en exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ós Concellos, na súa condición de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da citada Lei 7/85, establécese a presente Ordenanza que ten por obxecto regular o uso das vías urbanas dentro do Concello de Cambados, así como a circulación polas mesmas.

Artigo 2º.—Nas materias non reguladas expresamente pola presente Ordenanza, no seu articulado e anexos, aplicarase a Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o Regulamento Xeral de Circulación, Código de Circulación e demais normativa complementaria.

Así mesmo para os conceptos empregados na Ordenanza estará a definición recollida na normativa citada no apartado anterior.

### TITULO II.—COMPETENCIAS

Artigo 3º.—Corresponden o Concello de Cambados, a traves do Alcalde, Comisión de Goberno, ou Pleno, as seguintes competencias:

- a) A ordenación e control do tráfico nas vías urbanas de titularidade municipal, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios; a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.
- b) A regulación dos usos das vías urbanas facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre tódolos usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos.
- c) A inmovilización dos vehículos en vías urbanas cando non se atopen provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas no tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do seu conductor. A retirada dos vehículos das vías urbanas e o posterior depósito de aqueles cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta ou se encontren incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas

condicións previstas para a inmovilización neste mesmo artigo. Igualmente, a retirada de vehículos nas vías interurbanas e o posterior depósito destes, nos casos e condicións que regulamentariamente se determine.

- d) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra, e exclusivamente, polo casco urbano, exceptuadas as travesías.
- e) A autorización de calquera evento que afecte ó desenrolo do tráfico, dentro do casco urbano. Se afectase á C-550 nas súas travesías polo casco urbano, darase conta do feito á Xefatura Provincial de Tráfico, cun prazo mínimo de 48 horas de antelación.
- f) A realización das probas regulamentariamente establecidas, para determinar o grado de intoxicación alcohólica, ou por estupeficientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos conductores que circulen polas vías públicas nas que teñen atribuída a vixilancia e o control da seguridade da circulación vial-, de acordo co establecido.
- g) O peche de vías urbanas cando sexa necesario.
- h) A regulación do transporte escolar, e dos vehículos de servizo de autotaxi.
- i) A regulación de carga e descarga.
- j) A regulación dos transportes pesados e perigosos.

Artigo 4º.—Corresponde á Policía Local, de conformidade co artigo 53 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade e normativa complementaria:

- a) Ordenar, sinalizar e dirixi-lo tráfico no casco urbano.
- b) Instruir atestados por accidentes de circulación dentro do casco urbano.
- c) Formula-las denuncias polas infraccións que se cometan.

Artigo 5º.—Corresponde a Alcaldía, a través de Bandos, clasificar as vías e fixa-lo sentido e dirección da circulación atendendo á capacidade das vías, a intensidade do tráfico; á máis correcta ordenación do mesmo; á distribución do estacionamento, ou á conveniencia de reservar zonas para uso exclusivo de determinados usuarios.

Artigo 6º.—Os efectos de determinar o casco urbano, ámbito de actuación da Policía Local en materia de tráfico, de conformidade co artigo 53 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade e co artigo 7 da Lei de Seguridade Vial, establécese o mesmo dentro do perímetro fixado polos seguintes límites:

- Avda. de Galicia (C-550, dirección O Grove): ata a Rúa Fonte da Brúa.
- Avda. de Vilariño (PO-300, dirección Pontevedra): ata a Rúa do Castro.

- Avda. de Vilagarcía (C-550, dirección Vilagarcía): ata a Gasolineira (incluída).

- Dirección ó Porto: ata a Rotonda da Ribeira de Fefiñans/Rúa Pombal.

Tales límites foron consensuados coa Agrupación de Tráfico da Garda Civil de Pontevedra.

No caso de eventos fora do casco urbano, para a prestación de servizos de tráfico da Policía Local, será requisito previo, a comunicación dos mesmos á Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra cunha antelación de 48 horas.

### TITULO III.—COMPORTAMENTO NA CIRCULACION.

#### Capítulo I.—Circulación de Peóns

Artigo 7º.—A) Os peóns transitarán polas beirarrúas e andéns a eles destinados, gardando preferentemente a súa dereita. Excepcionalmente poderán circular polas beiravías, nos supostos que se indican a continuación, e sempre que adopten as debidas precaucións e non perturben gravemente a circulación:

1.—Cando leven obxectos voluminosos que poidan constituir un estorbo de importancia para os demais peóns.

2.—Os grupos de peóns que formen un cortexo ou procesión autorizada.

3.—Os invalidos que se despracen nunha “silla de rodas”.

4.—Cando non exitan zonas para a circulación de peóns, poderán transitar pola calzada polo lugar mais alonxado do seu centro.

5.—Os peóns que precisen cruza-la calzada farano coa máxima dilixencia, sen deterse nin entorpecer ós demais usuarios, nin perturba-la circulación.

B) Os peóns, en todo caso, cumprirán coas prescripcions seguintes:

1.—Nos pasos regulados por semáforos deberán obedecer-las indicacións das luces, non penetrando na calzada ata que o sinal dirixido a eles llo autorice.

2.—Nos pasos regulados por axente deberán, en todo caso, obedecer-las indicacións que sobre o particular efectúen estes.

3.—Nos restantes pasos, non deberán penetrar na calzada sen cerciorarse previamente, á vista da distancia e velocidade á que circulan os vehículos máis próximos, que non existe perigo en efectua-lo cruce.

4.—Cando non exista paso para peóns sinalizado, nun radio de 50 metros, o cruce efectuarase preferentemente polas esquinas e en dirección perpendicular ó eixo da vía, gardando, en todo caso, as debidas precaucións.

5.—Quedan prohibidos na vía pública os xogos de pelota, uso de patíns, monopatíns, etc., salvo naqueles lugares expresamente autorizados pola Autoridade Municipal.

C) No casco urbano, e cando afecten ás travesías da CC-500 e PO-300, non se permitirá o tránsito dos cortexos fúnebres a pé, salvo autorización expresa da Alcaldía.

#### Capítulo II.—Zonas Peatonais.

Artigo 8º.—Poderase establecer, mediante Bando da Alcaldía, para zonas determinadas, a prohibición total ou parcial da circulación e estacionamento de vehículos, co fin de reservar a mesma ó tránsito e uso das persoas, especificando o seu perímetro, carácter temporal, fixo ou periódico da mesma, así como os usos permitidos do tráfico rodado.

#### Capítulo III.—Obstaculización da vía pública

Artigo 9º.—1º) Prohíbese o depósito, abandono ou colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida dificultar a libre circulación de peóns ou vehículos, causarlles risco ou deteriorar a vía ou as súas instalacións. Se é imprescindible a instalación dalgún obxecto na vía pública, será necesaria a previa obtención de autorización municipal, na que se determinarán as condicións que deben cumprirse.

2º) Exclúense do disposto no punto anterior, os casos de perda de carga ou accidente, nos que se adoptarán polo causante ou por quen tivese coñecemento do feito, as medidas necesarias para advertir, ós demais usuarios, da existencia de perigo ou obstáculo, facendoo desaparecer o antes posible.

Artigo 10º.—Todo obstáculo autorizado que dificulte a libre circulación de peóns ou vehículos, deberá estar debidamente protexido, sinalizado e, en horas nocturnas, iluminado para garantir a seguridade dos usuarios.

Todo transporte especial que sobrepase os pesos e medidas xerais, establecidos para os vehículos, ademais da Autorización do Órgano competente, deberá notificar á Policía Local o seu paso, cunha antelación mínima de 24 horas, co obxecto de determinarlle os lugares e horas de paso polo casco urbano.

Artigo 11º.—Por parte da Policía Local poderase proceder á retirada de obstáculos, previa comunicación ó interesado e cos gastos a cargo do mesmo, cando este non adopte as medidas necesarias, e nos seguintes casos:

- 1) Se non obtivese a correspondente autorización.
- 2) Se se extinguisen as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxecto.

- 3) Se se sobrepassese o prazo da autorización correspondente, ou non se cumprisen as condicións fixadas pola mesma.
- 4) No caso de que o obstáculo crease unha molestia, un atranco, ou un perigo grave, os axentes da Policía Local poderán proceder á retirada do obstáculo, previa comunicación ó responsable cando estea no lugar, ou posteriormente se non estivese, informando ó Alcalde do actuado.

#### Capítulo IV.—Paradas e estacionamentos

Artigo 12º.—Toda persoa deberá cumprir, inexcusablemente coas seguintes normas, relativas ás paradas e estacionamentos de vehículos:

1) Como regra xeral nas paradas, o conductor non poderá abandonar o vehículo, e se excepcionalmente o fixese, deberá deixalo o bastante cerca para retiralo no mesmo momento en que sexa requerido, ou as circunstancias así o esixan.

2) En calquera caso, a parada deberá facerse paralelamente ó bordo da calzada, situando o vehículo o máis próximo posible á beirarrúa da dereita, ou ó bordo dereito da calzada segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación tamén se poderá efectuar na esquerda, se elo non impide o paso doutros vehículos. Os pasaxeiros deberán baixar polo lado correspondente á beirarrúa, e o conductor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que pode efectualo sen ningún tipo de perigo.

3) En tódalas zonas e vías públicas a parada efectuarase nos puntos onde menos inconvenientes se produzan á circulación, e nas rúas con chafrán, xustamente no mesmo, sen sobresaír da aliñación das beirarrúas, e sempre que non reste visibilidade, ó cruce. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros estean enfermos ou impedidos e non exista outro lugar onde efectua-la parada, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camións de servizo de limpeza ou recollida de lixo, sempre que as circunstancias do tráfico o permitan, sen que poida ser causa de grave obstrucción á circulación, entorpecemento do funcionamento dalgún servizo público ou se cree un risco potencial.

4) Nas rúas urbanizadas sen beirarrúas, deixárase unha distancia mínima dun metro dende a fachada ou peche máis próximo ó costado do vehículo, sempre que o ancho da calzada permita a parada sen obstáculo á circulación.

Artigo 13º.—O estacionamento de vehículos rexerá polas seguintes normas:

1) Os vehículos poderanse estacionar en fila (paralelamente á beirarrúa); en batería (perpendicularmente a aquela); en semibatería (oblicuamente), de acordo coas marcas viais.

2) A norma xeral é que o estacionamento farase en fila. A excepción a esta norma deberase sinalizar expresamente.

3) Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.

4) Os vehículos, ó estacionar, colocaranse tan preto da beirarrúa como sexa posible, aínda que deixando un pequeno espazo para permitirla limpeza desa parte da calzada, non inferior a 10 centímetros nin superior a 30 centímetros.

5) En todo caso, os condutores deberán estacionar o seu vehículo de foma que nin poida poñerse en marcha espontaneamente nin o poidan mover outras persoas. A tal obxecto deberán tomalas precaucións pertinentes. Os condutores serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación de vehículo, agás que o desprazamento por acción de terceiros se producise con violencia manifesta.

6) Non se poderán estacionar nas vías públicas os remolques separados do vehículo tractor que estea autorizado para desprazalos.

Artigo 14º.—Queda absolutamente prohibido o estacionamento nos seguintes casos:

1) Onde estea prohibida a parada.

2) Nas zonas sinalizadas para uso exclusivo de minusválidos.

3) Nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorias.

4) Sobre as beirarrúas, plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, pasos de peóns e de ciclistas, e zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se é parcial como total a ocupación, sempre que estas non sexan precisamente para sinalizar o estacionamento autorizado.

5) Nos vados, sinalizados correctamente, sexa a súa ocupación total ou parcial.

6) En dobre fila, tanto se a primeira está ocupada por un vehículo, como por un contenedor ou algún outro elemento de protección.

7) A distancia inferior a cinco metros dunha esquina en rúas de menos de tres carrís, ou cando se moleste a manobra de xiro a calquera tipo de vehículo.

8) Sobresaíndo do vértice dunha esquina, obrigando ós outros condutores a facer manobras antirreglamentarias.

9) En condicións en que se moleste a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.

10) En plena calzada. Entenderase que un vehículo está en plena calzada sempre que non estea xunto á beirarrúa.

11) Naquelas rúas onde a calzada só permita o paso dunha columna de vehículos.

12) Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que o ancho da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.

13) Fóra dos límites sinalizados nos perímetros de estacionamentos sinalizados.

14) Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.

15) Nun mesmo lugar por máis de oito días consecutivos e de forma ininterrumpida.

16) Nas zonas que, eventualmente, vaian ser ocupadas para actividades autorizadas, ou as que deban ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza. Nestes supostos darase publicidade á prohibición polos medios de difusión oportunos, ou mediante a colocación de avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados, e, en todo caso colocando os correspondentes sinais. Esta publicidade previa efectuarase con a lo menos 24 horas de antelación, agás casos de xustificada urxencia.

17) Nas zonas peatonais, xardíns e outras zonas sustraídas ó uso de vehículos.

Artigo 15º.—O estacionamento de vehículos de dúas rodas realizarase da seguinte forma:

- a) Sempre que existan estacionamentos especiais, utilizaranse, estacionando en semibatería ou batería.
- b) O estacionamento na calzada farase en semibatería, ocupando un ancho máximo de metro e medio, respetando os lugares de estacionamento como os demais vehículos.

Cando se estacione unha motocicleta ou ciclomotor entre outros vehículos, farase de forma que non impida o acceso a estes últimos ou a súa posta en circulación.

#### TITULO IV.—SINALIZACION.

Artigo 16º.—1.—Non se podera colocar nin retirar ningún sinal sen a previa autorización da Alcaldía.

2.—Só se poderán autoriza-los sinais informativos que, a criterio da Autoridade municipal, teñan un auténtico interese público.

3.—Non se permitirá a colocación de publicidade sobre os sinais ou xunto a eles, agás que expresamente así o autorice a Alcaldía.

4.—Prohíbese a colocación de toldos, carteis anuncios e instalación en xeral que ceguen, impidan ou limiten ós usuarios, a normal visibilidade de semáforos e sinais, ou poidan distrae-la súa atención.

5.—Probíbese deteriorar, trasladar, ocultar ou modificar, de calquera xeito, os sinais de circulación.

Artigo 17º.—Comprobada a existencia de sinais publicitarias, non autorizadas polo Concello, requirirase ó particular ou empresa interesados para

que proceda á súa retirada, no prazo que se estime suficiente, e de non cumprirse con dito requerimento, o Concello procederá á súa retirada, con gastos a costa do interesado, sen prexuízo das sancións que se lle poidan impoñer, se fose procedente.

#### TITULO V.—RESERVAS DE ESTACIONAMENTO: AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

##### Capítulo I.—Reservas

Artigo 18º.—1) As reservas de estacionamento na vía pública deberán contar coa aprobación da Alcaldía ou da Comisión de Goberno, no seu caso.

2) Estas zonas de reserva de estacionamento na vía pública, así como as zonas de estacionamento libre e público, non poderán ser explotadas con ánimo de lucro por persoas sen autorización expresa da Alcaldía ou da Comisión de Goberno.

Artigo 19º.—1) As reservas de carácter particular serán solicitadas polas persoas físicas ou xurídicas, ou entidades que pretendan o aproveitamento particular do dominio público, e estarán suxeitas á taxa establecida pola ordenanza fiscal correspondente. Na solicitude farase consta-lo uso que se pretenda, e se esta fose para determinados vehículos, as matrículas destes e os datos dos titulares, a duración e o carácter temporal, situación e medidas.

Artigo 20º.—As reservas de estacionamento poden ser:

- 1.—Para paradas de transporte público de viaxeros.
- 2.—Para carga e descarga, de carácter particular.
- 3.—Para carga e descarga, de carácter xeral.
- 4.—Para estacionamento de servicios ou entidades públicas.
- 5.—Para disminuídos físicos.
- 6.—Para servicios de Policía, Protección Civil, Ambulancias e en xeral para servicios de urxencia.
- 7.—Para contenedores; ou,
- 8.—Outros casos de interese xeral.=O acordo de creación ou concesión da reserva de estacionamento conterà, en cada caso, as condicións do seu uso.

Artigo 21º.—Nos casos de reservas para determinados vehículos, expediranse tarxetas coa finalidade de identificar ós vehículos autorizados. Esta tarxeta non ten outra finalidade que a identificación dos automóviles de cada reserva e non autorizan estacionamentos en lugares distintos dos da reserva para a que son solicitados.

##### Capítulo II.—Carga e descarga: Normas xerais

Artigo 22º.—1.—A carga e descarga de mercaderías deberá realizarse fóra da vía, no interior dos

locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas.

2.—Cando as condicións dos locais comerciais ou industriais, non permitan a carga e descarga no seu interior, estas operacións faranse nas zonas reservadas para este fin.

3.—A Alcaldía, poderá outorgar nas rúas do concello zonas reservadas, para que os vehículos destinados ó Transporte de Mercadorías poidan efectuar a carga e descarga.

4.—As zonas reservadas sinalizaranse tanto vertical como horizontalmente cos sinais homologados polas normas vixentes en materia de tráfico.

5.—Poderán utilizarse as zonas de carga e descarga, unicamente os vehículos destinados ó transporte de mercadorías, non podendo ser utilizadas por outros vehículos.

6.—Só se poderá utilizar a zona de carga e descarga o tempo imprescindible para efectuar as operacións necesarias, que nunca superará os 30 minutos.

Artigo 23º.—1.—En ningún caso, os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, poderán facela nos lugares onde, con carácter xeral, estea prohibida a parada.

2.—Tampouco poderán pararse total ou parcialmente nas beirarrúas, plataformas, paseos ou onde dificulten o tráfico.

Artigo 24º.—1.—As mercadorías e demais materias que sexan obxecto de carga e descarga non se deixarán sobre a calzada ou a beirarrúa, senón que se trasladarán directamente do inmovible ó vehículo ou viceversa.

2.—As operacións de carga e descarga faranse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios, e coa obriga de deixar limpa a beirarrúa.

3.—As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios para auxiliar a operación, e procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns como de vehículos.

### Capítulo III.—Carga e descarga xeral

Artigo 25º.—1.—As reservas de carga e descarga de carácter xeral estarán sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixará con carácter xeral de 9.00 a 12.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas de luns a sábado.

2.—Atendendo a circunstancias de situación, proximidade de outras zonas reservadas ou frecuencia do uso, poderán establecerse variantes puntuais ó mencionado réxime xeral de horario.

3.—Tanto o emprazamento das reservas de carga e descarga de carácter xeral, coma os seus horarios, serán determinados a través de Bandos da Alcaldía.

### Capítulo IV.—Carga e descarga particular

Artigo 26º.—1.—As zonas reservadas de carga e descarga que supoñan un aproveitamento de vía pública, solicitado por un particular (non comercial), serán autorizadas pola Comisión Municipal de Goberno, e sometidas á taxa correspondente.

2.—As persoas ou entidades autorizadas na concesión destes aproveitamentos, deberán solicitar previamente a correspondente licencia en instancia acompañada dun deseño detallado da ocupación, así como unha memoria relativa ó horario e forma de uso da mesma.

3.—As reservas de espazo particulares someteranse a xuízo da Comisión de Goberno, a que aplicará criterios restrictivos e resolverá motivadamente as solicitudes, mediante o oportuno acordo.

### Capítulo V.—Contedores

Artigo 27º.—1.—Os contenedores de recollida de mobles ou obxectos e os de lixo domiciliario, xestionados pola Administración Municipal, colocaranse naqueles puntos da vía pública que se determinen pola Alcaldía, evitando calquera prexuízo ó tráfico, e a menor perda de estacionamentos posibles.

2.—Os lugares da calzada destinados á colocación de contenedores de xeito permanente ou temporal terán a condición de reservas de estacionamento, e serán limitadas mediante elementos físicos visibles.

3.—Os contenedores de xestión privada, tales como os de recollida de residuos de obras, someteranse ó réxime establecido no Título III, Capítulo III (Obstáculos na vía pública).

### TÍTULO VI.—MEDIDAS CAUTELARES: INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA

#### Capítulo I.—Inmovilización

Artigo 28º.—Inmovilización do vehículo:

1.—A Policía Local poderá proceder á inmovilización dos vehículos cando, como consecuencia do incumprimento das normas contidas na Lei de Tráfico e na presente Ordenanza, da súa utilización puidese derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens; e, en todo caso, nos seguintes supostos:

- Accidente ou avaría que impida continuar a marcha con seguridade.
- Perturbación física ou psíquica do conductor que lle impida levar o vehículo en condicións normais.
- Non depositar, ou garantir, o pago da multa, o infractor non residente habitual en territorio español.

2.—Os Axentes da Policía, sen prexuízo da denuncia que deberán formular polas infraccións correspondentes, poderán ordenar a inmovilización inmediata do vehículo nos seguintes casos:

- a) Cando o conductor non leve o Permiso de Condución ou o que leve, non sexa válido. Nestes casos, se o conductor manifesta ter permiso válido, e acredita suficientemente a súa personalidade e domicilio, non se levará a efecto a inmovilización, a menos que o seu comportamento induza a apreciar, racional e fundadamente, que carece dos coñecementos ou aptitudes necesarias para a condución.
- b) Cando o conductor non leve o permiso de circulación do vehículo, ou autorización que o substitúa, e existan dúbidas en relación coa súa identidade ou domicilio.
- c) Cando polas condicións do vehículo, se considere que constitúe un perigo ou produza danos na calzada.
- d) Cando o vehículo circule cunha altura ou un ancho superior ó permitido na Lei de Seguridade Vial, ou, no seu caso, na autorización especial de que puidese estar provisto.
- e) Cando o vehículo circule cunha carga ou lonxitude total que exceda do 10 por 100 da que teña autorizada.
- f) Cando as posibilidades de movemento ou o campo de visión do conductor resulten sensiblemente diminuídos polo número ou posición dos pasaxeiros, ou pola colocación dos obxectos transportados.
- g) Cando non se levasen a cabo as inspeccións técnicas obrigatorias previstas na Lei de Seguridade Vial e supoña un grave risco para a seguridade do tráfico.

Se unha vez inmovilizado o vehículo, o seu conductor solicitase da Autoridade competente a súa posta en circulación, deberá satisfacer previamente, no seu caso, o importe dos gastos ocasionados con motivo da inmovilización, conforme ó que determine a Ordenanza correspondente.

3.—A inmovilización levarase a efecto no lugar que indique a Autoridade Municipal, podendo ser no lugar mais idóneo da vía pública, e non se levantará ata que queden corrixidas as deficiencias que a motivaron ou se proceda á retirada do vehículo nas condicións que esta Autoridade determine.

4.—No caso de inmovilización de ciclomotores, e para garanti-la medida cautelar, poderase retirar o vehículo co servizo de grúa para o Depósito Municipal.

Artigo 29º.—Cando un vehículo estivese estacionado de forma antirreglamentaria, sen perturbar gravemente a circulación, e o seu conductor non se encontre presente, ou estando, se negase a retiralo, poderán os Axentes inmovilizalo por medio dun procedemento mecánico que impida a súa circulación.

Unha vez inmovilizado o vehículo, o seu conductor solicitará da Autoridade competente a súa posta en circulación, para o que haberá de satisfacer, previamente o importe dos gastos ou taxas ocasionados con motivo da inmovilización, segundo o establecido na Ordenanza correspondente.

### Capítulo II.—Retirada

Artigo 30º.—Retirada dos vehículos: A Policía Local poderá proceder, se o obrigado a efectuala non o fixese, á retirada do vehículo da vía e o seu traslado ó Depósito Municipal de vehículos nos seguintes casos:

- a) Sempre que constitúa perigo ou cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns, ó funcionamento dalgún servizo público, ou deteriore o patrimonio público e tamén, cando se poida presumir racionalmente o seu abandono.
- b) En caso de accidente que lle impida continuar a marcha.
- c) Cando estivese inmovilizado por deficiencias do mesmo.
- d) Cando, inmovilizado un vehículo, de acordo co que dispón o artigo 67.1, parágrafo terceiro, do Real Decreto Lexislativo 339/90, do 2 de marzo, o infractor persistise na súa negativa a depositar ou garanti-lo pago do importe da multa, por calquera medio admitido en dereito.
- e) Cando o vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes da vía reservadas exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.

Artigo 31º.—A título enunciativo, estará xustificada a retirada dun vehículo, nos seguintes casos:

1.—Cando estea estacionado nun punto onde estea prohibida a parada.

2.—Cando estea estacionado en dobre fila sen conductor.

3.—Cando sobresaia do vértice dun chafrán, ou do extremo do ángulo dunha esquina, e obrigue ós outros conductores a facer manobras con risco.

4.—Cando estea estacionado nun paso de peóns sinalizado, extremo dos bloques de vivendas destinados a paso de peóns ou nun rebaixe da beirarrúa para diminuídos físicos.

5.—Cando ocupe total ou parcialmente un vado.

6.—Cando estea estacionado nunha zona reservada para carga e descarga, durante as horas da súa utilización.

7.—Cando estea estacionado nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.

8.—Cando estea estacionado en lugares expresamente reservados a servizos de urxencia ou emerxencia.

9.—Cando estea estacionado diante das saídas de emerxencia de locais destinados a espectáculos públicos, durante as horas de celebración.

10.—Cando estea estacionado nunha reserva para dismíuídos físicos.

11.—Cando estea estacionado total ou parcialmente sobre a beirarrúa, plataforma, refuxio, paseo, zona peatonal ou zona de franxas no pavimento, agás autorización expresa.

12.—Cando impida a visibilidade dos sinais de tráfico ó resto dos usuarios da vía pública.

13.—Cando impida o xiro ou obrigue a facer manobras para efectualo.

14.—Cando obstaculice a visibilidade do tráfico dunha vía pública ós conductores que accedan dende outra.

15.—Cando impida total ou parcialmente a entrada a un inmobile ós seus ocupantes.

16.—Cando estea estacionado en lugar prohibido, especificamente sinalizado.

17.—Cando estea estacionado en plena calzada.

18.—Cando estea estacionado nunha zona de peóns, xardín ou outra zona sustraída o uso de vehículos.

19.—Sempre que, como en tódolos casos anteriores, constitúan perigo ou causen grave molestia á circulación ou ó funcionamento dalgún servico público.

20.—Cando estea estacionado no itinerario ou espacio que teña que ser ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de relevo, como é o mercadiño, sempre que estean debidamente autorizados e sinalizados.

21.—Cando transcorresen 24 horas dende que o vehículo fose denunciado por estacionamento continuado nun mesmo lugar, sen que o vehículo fose cambiado de sitio.

22.—En tódolos demais casos enumerados no Regulamento Xeral de Circulación e demais normativa de tráfico.

Artigo 32º.—A Policía Local tamén poderá retirar os vehículos da vía pública, aínda que non estean en infracción, nos seguintes casos:

1.—Cando estean estacionados nun lugar que haxa que ocupar para un acto público debidamente autorizado.

2.—Cando resulte necesario para a limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.

3.—En caso de emerxencia.

Estas circunstancias deberanse advertir co máximo tempo de antelación posible, nas mesmas condicións que as establecidas no artigo 14.16 desta Ordenanza, e os vehículos serán conducidos ó lugar autorizado máis próximo que se poida, e se non houberse ningún, ó depósito, coa indicación ós seus titulares, cando fosen coñecidos, da situación de aqueles.

Os mencionados traslados non comportarán ningún tipo de gasto para o titular do vehículo, calquera que sexa o lugar a onde fose conducido o vehículo.

Artigo 33º.—A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente se o conductor comparece antes de que a grúa comezase a marcha co vehículo enganchado, e adopta as medidas necesarias para facer cesa-la situación irregular na que se atopaba o coche, facendo efectivo, como requisito previo ó desenganche, o pago da taxa correspondente fixada na Ordenanza fiscal.

### Capítulo III.—Vehículos abandonados

Artigo 34º.—Poderá considerarse que un vehículo está abandonado, segundo o establecido no artigo 71 da Lei de Seguridade Vial:

- a) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fose depositado tra-la súa retirada da vía pública pola autoridade competente.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desplazamento polos seus propios medios, ou lle falten as placas de matriculación.

Neste caso terá o tratamento de residuo sólido urbano, de acordo coa normativa ambiental correspondente.

No suposto contemplado no apartado a), e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación, ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a éste, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que no prazo de quince días, retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que, no caso contrario, procederase o seu tratamento como residuo sólido urbano.

Artigo 35º.—1.—Os vehículos abandonados serán retirados e trasladados ó Depósito Municipal.

2.—Os gastos correspondentes ó traslado e permanencia serán a cargo do titular do vehículo.

3.—No suposto de vehículos automóviles con deterioro evidente, aplicarase o prazo reducido de oito días previsto no Artigo 615 do Código Civil, coas actuacións previas legais, para a súa conversión en chatarra, a través do procedemento acordado pola Administración Municipal.

4.—En garantía dos titulares destes vehículos, e a efectos de posibles reclamacións, de cada vehículo quedará constancia expresa da súa descrición e estado, con tódolos datos de que se dispoña, ademais da documentación gráfica que sexa posible.

5.—O Alcalde autorizará, por decreto, a venda daqueles vehículos que reúnan a condición de abandonados, a proposta da Policía Local.

### TITULO VII.—CIRCULACIÓN DE VEHICULOS DE DUAS RODAS

Artigo 36º.—1.—Os ciclomotores e ciclos circularán pola beiravía dereita da calzada, sempre que sexa transitabile.



2.—Queda prohibida a circulación en paralelo de dous ou mais vehículos de dúas rodas.

3.—As motocicletas e ciclomotores non poderán producir ruidos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas.

4.—Non poderán circular en ningún caso por beirarrúa, andéns, paseos, zonas peatonais, xardíns e outras zonas substraídas ó uso de vehículos.

#### TITULO VIII.—PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 37º.—As accións ou omisións contrarias á presente Ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía ou polo Concelleiro en quen delegue, con multas, de acordo coas contías e procedemento establecido nos artigos 73 e seguintes, do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, e no R.D.320/94, de 25 de febreiro (Regulamento del Procedimiento Sancionador).

A contía da multa será fixada en cada caso, atendendo á gravidade da infracción e á reincidencia do infractor.

Será Instructor do Procedemento Sancionador de Tráfico o Xefe da Policía Local.

Artigo 38º.—Serán causas de agravamento das sancións por infracción desta Ordenanza:

1.—A reincidencia.

2.—A parada ou estacionamento en lugares absolutamente prohibidos.

3.— O perigo potencial ou concreto creado.

Artigo 39º.—As contías maximas das sancións serán as seguintes:

1.—Por infraccións leves, ata 15.000 Ptas., entendéndose por tales as cometidas contra as normas desta Ordenanza, cando non se lle apliquen ningunha causa de agravamento das contidas no artigo anterior, e as así calificadas na lexislación de tráfico e seguridade vial.

2.—Por infraccións graves, ata 50.000 Ptas., entendéndose por tales as referidas a:

- \* Condución negligente.
- \* Tirar á vía, ou nas inmediacións, obxectos que poidan producir incendios.
- \* Exceder ós tempos de condución en vehículos de transporte que o teñan limitado.
- \* Exceder da limitación de velocidade.
- \* Non atender á prioridade de paso.
- \* Efectuar adiantamentos non permitidos.
- \* Non respetar cambios de dirección nin de sentido.
- \* Circular en sentido contrario ó establecido.
- \* Paradas ou estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculicen gravemente o tráfico.

\* Circular sen o alumeado adecuado.

\* Realización de obras na rúa sen permiso.

\* Retirada ou deterioro de sinalización.

Ademais poderase propoñer, á Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra, as sancións de suspensión do Permiso ou Licencia de Condución.

3.—Por infraccións moi graves, ata 100.000 Ptas., entendéndose por tales as graves cando conorra algunha circunstancia de agravamento, e as referidas á condución de vehículos baixo inxestión de bebidas alcohólicas, estupefacientes ou sustancias análogas, incumprimentos da obrigação de someterse ás probas para determinar eses efectos, a condución temeraria, a omisión de socorro en caso de urxente necesidade ou accidente grave, e as competicións ou carreiras entre vehículos non autorizados. En todos estes casos propoñeráse á Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra a suspensión do Permiso ou Licencia de Condución.

Artigo 40º.—Contra as resolucións dictadas en expedientes sancionadores poderase interpoñer, perante o mesmo Organo, o correspondente recurso de reposición, que se tramitará conforme ó disposto na Lei de Procedemento Administrativo.

As resolucións que poñan fin ó procedemento en vía administrativa, serán recurribles perante a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 41º.—Non se poderá proceder á execución das sancións que non teñan adquirida firmeza en vía administrativa. Non obstante, cando o feito denunciado non estea castigado polas leis penais, nin poidan dar orixe á suspensión do permiso ou licencia de conducir, poderán facerse efectivas dentro dos dez (10) días seguintes á notificación da denuncia cunha redución do cincuenta por cen (50%), sobre a contía que provincialmente se fixe.

Artigo 42º.—As multas deberán facerse efectivas na Recadación Municipal dentro dos quince (15) días hábiles seguintes á data da súa firmeza. Transcorrido dito prazo procederáse á súa exacción polo procedemento de apremio, conforme á súa lexislación específica.

Artigo 43º.—O procedemento de apremio será executado pola mesma entidade que xestione o cobro dos tributos do Concello de Cambados, é dicir, neste momento, o Organismo de Recadación da Administración Local (ORAL), nas condicións establecidas ó efecto.

#### DISPOSICIONS ADICIONAIS.

Primeira.—O Cadro de Sancións, unido como Anexo desta Ordenanza, unha vez aprobado, poderá ser actualizado por acordo da Comisión de Goberno, ó obxecto de adecualo ás circunstancias que concorran en cada momento.

Segunda.—A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no B.O.P., e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2) da Lei de Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derrogación.

Cambados, a 7 de xaneiro do 2000.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 209

\* \* \*

## M O S

### E D I T O

Solicitouse desta Alcaldía por Carzuh, S.L., licencia municipal para “Actualización y adaptación de las instalaciones industriales destinadas a elaboración y almacenamiento de adhesivos industriales y productos químicos” en Cotiño, parroquia de Dornelas, cumprindo o disposto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse dende o día seguinte o da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións u observacións que se estimen oportunas.

Mos, a 1 de decembro de 1999.—O Alcalde, Ramón Alonso Fernández. 198

### E D I T O

Solicitouse desta Alcaldía por José Carlos Garrido Ferrero, e/r. de Traenor S. Coop., licencia municipal para “Actividad de ensamblaje mecánico de componentes para el sector de la industria automovilística” en B. de Gándara, parroquia de Mos, cumprindo o disposto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse dende o día seguinte o da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións u observacións que se estimen oportunas.

Mos, a 25 de novembro de 1999.—O Alcalde, Ramón Alonso Fernández. 199

# Juzgados de lo Social

## De Vigo

### E D I C T O

Don Joaquín López Valeiras, Secretario Judicial del Juzgado de lo Social número cinco de Vigo.

Doy fe y certifico.—Que en el procedimiento seguido en este Juzgado bajo el número 535/99, a instancia de Juan Santos García, contra Gallega de Electricidad, S.L. y otras, sobre despido, se ha acordado citar a Gallega de Electricidad, S.L., en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día veintidós de febrero a las nueve treinta y cinco horas de su mañana, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, que tendrá lugar en la Sala de Audiencia de este Juzgado de lo Social, sito en la Puerta del Sol, 11-5ª planta, debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos autos no se suspenderán por causa injustificada de asistencia, y de que si no comparece le parará el perjuicio a que hubiere lugar en derecho.

Y para que sirva de citación a Gallega de Electricidad, S.L., y conforme a lo dispuesto en el artículo 59 de la Ley de Procedimiento Laboral, se le advierte que las siguientes notificaciones se harán en estrados, salvo las que deban revestir la forma de sentencia o auto o se trate de emplazamiento, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En Vigo, a 22 de diciembre de 1999.—El Secretario, Joaquín López Valeiras. 149

\* \* \*

### E D I C T O

Don Joaquín López Valeiras, Secretario Judicial del Juzgado de lo Social número cinco de Vigo.

Doy fe y certifico.—Que en el procedimiento seguido en este Juzgado bajo el número 543/99, a instancia de Luis Alberto Cabezas Villaverde, contra Gallega de Electricidad, S.L. y otras, sobre despido, se ha acordado citar a Gallega de Electricidad, S.L., en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día veintidós de febrero a las nueve treinta horas de su mañana, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, que tendrá lugar en la Sala de Audiencia de este Juzgado de lo Social, sito en la Puerta del Sol, 11-5ª planta, debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos autos no se suspenderán por causa injustificada de asis-